


CICLO  
**SEN**  
FÓRUM METROPOLITANO  
**NUMERAR**

**Outono** de 2017



GOLPI LIBRE



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
CULTURA



**SÁBADO 7** DE OUTUBRO DE 2017

FUNCIÓN: 20.30 h | DURACIÓN: 80 min



GRUPO CHÉVERE

## GOLDI LIBRE

*Goldi libre* é un traballo de teatro-documento sobre o movemento de insubmisión, un dos primeiros e máis fortes movementos de desobediencia civil xurdidos despois da Transición en España, que levou a centos de novos ao cárcere como presos de conciencia e que tivo como consecuencia inmediata a suspensión do servizo militar obrigatorio despois de máis de 150 anos de vixencia. O traballo feito a partir da memoria, a experiencia persoal e o testemuño de César Goldi, veciño de Teo e actor que en 1993 foi xulgado e condenado a 2 anos, 4 meses e 1 día de prisión por negarse a realizar tanto o servizo militar como a prestación social substitutoria, cumprindo a condena no cárcere da Coruña.

Dende unha perspectiva autocrítica, distanciada e irreverente, a obra ofrece ademais unha panorámica desenfadada do activismo social e político da esquerda dos anos 80 e 90 do século XX, cuestionando algúns dos mitos da loita antimilitarista. Trátase por tanto de conectar a memoria individual coa memoria colectiva dunha xeración e co imaxinario dunha época a través dun dispositivo especificamente teatral.



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

DIRECCIÓN: XRON

ADAPTACIÓN, ESCENOGRAFÍA, VESTIARIO

E MÚSICA: BERBERECHEIRA

INTÉRPRETE: CÉSAR GOLDI

**VENRES 27 E SÁBADO 28** DE OUTUBRO DE 2017

FUNCIÓN: 20.30 h | DURACIÓN: 60 min



SUDHUM TEATRO

## MOSCA

Con *MOSCA*, a compañía Sudhum Teatro trae a escena o acoso escolar. Unha realidade pouco visible ou que non se trata de forma axeitada.

*MOSCA* é un xogo de nenos capaz de se converter nun pesadelo. Pedro sábeo ben. Con só dez anos xa pesa sobre el o sufrimento de ser vítima do abuso. Dun abuso que, ademais, se practica entre iguais.

O acoso escolar é un dos nosos maiores fracasos como sociedade e o índice de suicidios por esta causa resulta alarmante. Hai quen mesmo cre que é máis axeitado chamalo "asasinato social".

Con esta aposta, Sudhum Teatro volve traer a escena realidades que afectan á infancia e á educación, uns temas pouco visibles ou non tratados da maneira axeitada. Para compensar esta falta, a obra afonda sobre as emocións de quen é vítima do acoso escolar, reflexionando sobre a súa vida e prestando atención a como o medo, os prexuízos e a impotencia poden chegar a impregnar todo o seu contorno.

DIRECCIÓN: GUSTAVO DEL RÍO

INTÉRPRETES: FÁTIMA DOMÍNGUEZ,

LUCIANA DRAGO E FERNANDO DE RETES.

**VENRES 10** DE NOVEMBRO DE 2017

FUNCIÓN: 20.30 h | DURACIÓN: 60 min



TEATRO DO ATLÁNTICO

## HELENA, XUIZO A UNHA LURPIA

Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, a bela Helena, a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de París.

Estamos no século XXI. Helena xa non é a bela Helena, senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo. Malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso París, co desafío e o rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos - Aquiles, Ulises-, coa impotencia diante da crueldade da guerra...



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

TEXTO ORIXINAL: MIGUEL DEL ARCO

DIRECCIÓN: XÚLIO LAGO

INTÉRPRETE: MARÍA BARCALA

**SÁBADO 25** DE NOVEMBRO DE 2017

FUNCIÓN: 20.30 h | DURACIÓN: 75 min



ALBERTO SAN JUAN

## ESPAÑA INGOBERNABLE

Alberto San Juan e Fernando Egozcue alzan a voz con textos e cancións indignados e indignantes en relación ao que vivimos actualmente no noso país. No espectáculo estarán presentes voces de políticos, xornalistas, persoas despxeadas, excluídas, millonarias, indefensas...

*España ingobernable* é un puñado de textos e de canción sobre a loita cidadá contra o poder da nosa historia recente.

Conmovedores versos de Lorca, Cernuda, Miguel Hernández, Ángel González, Gloria Fuertes, Jorge Reichmann, Albert Pla.

Unha selección de textos e cancións indignados e indignantes que repasan a historia de España desde a Segunda República até o día de hoxe.

AUTORES, DIRECTORES E INTÉRPRETES:

ALBERTO SAN JUAN GUIJARRO E FERNANDO EGOZCUE

MÚSICA ORIXINAL: FERNANDO EGOZCUE

DRAMATURXIA: ALBERTO SAN JUAN GUIJARRO

## **VENDA DE ENTRADAS**

Entradas: 9,00 € (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 7,00 €)

Venda anticipada: 6,00 € (Até o día anterior á función ás 23.59 h)

**Todos os que accedan ao espazo no que terá lugar o espectáculo, deben facelo con entrada.**

### ┆ **DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE**

De luns a venres, excepto festivos, de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

### ┆ **DESPACHO DE BILLETES DO FÓRUM**

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles)

### ┆ **TELEVENDA: 902 044 226**

De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h  
e domingos de 16.00 a 21.00 h

[www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)

**PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADO O ESPECTÁCULO  
NON SE PERMITIRÁ O ACESO Á SALA**



CORUÑA  
➤ PRÓXIMA



[www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura)



Podes seguir a programación  
cultural do concello en facebook:  
[www.facebook.com/CulturaCoruna](https://www.facebook.com/CulturaCoruna)

